

Axudas para a mobilidade internacional do persoal docente e investigador do Campus Industrial de Ferrol

1. OBXECTO

Esta acción pretende incentivar a internacionalización do Campus Industrial de Ferrol e por extensión da Universidade da Coruña (UDC), mediante a mobilidade internacional do persoal docente e investigador (PDI) adscrito a este campus, co fin de realizar estadias docentes e/ou de investigación e conseguir colaboracións con outras entidades do estranxeiro.

Tamén se pretende incentivar a participación do persoal investigador do Campus Industrial de Ferrol en proxectos europeos e apoiar o deseño de actividades formativas internacionais.

Con esta acción complementábase a [convocatoria de axudas á internacionalización da UDC financiadas polo Campus Industrial de Ferrol na súa acción VI \(«Axudas para a mobilidade internacional do persoal docente e investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol»\)](#), que se publicou con data do 18/01/2022.

A diferenza con estas axudas en que se financian estadias de aproximadamente un mes é que nesta convocatoria se financian estadias máis longas (de entre un e tres meses) ou visitas.

2. FINANCIAMENTO

O financiamento desta convocatoria, por un importe máximo de 24 300 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 090044F300 422D 6400004, do orzamento do Campus Industrial de Ferrol para o ano 2022.

Esta convocatoria rexe axudas ao PDI adscrito ao Campus Industrial de Ferrol para cubrir parte dos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención das persoas beneficiarias que realicen unha estadia docente e/ou de investigación de entre un e tres meses, ou ben unha visita, nunha institución estranxeira. En caso de que non haxa persoas candidatas suficientes nunha das modalidades, as axudas poderán concederse a persoas solicitantes da outra modalidade.

As axudas estarán suxeitas á retención prevista pola lei.

A concesión das axudas realizarase por rigorosa orde de recepción de solicitudes até que se esgote a asignación orzamentaria.

A repartición inicial de fondos por modalidade será a que se indica a seguir, sen prexuízo de que, en caso de existir un remanente nalgunha das modalidades, poida aplicarse a financiar a outra:

- a) 21 800 € para mobilidades de entre un e tres meses (máximo 4000 € por mobilidade)
- b) 2500 € para visitas (máximo 500 € por visita)

En calquera dos casos, as persoas beneficiarias serán as que deban presentar a xustificación dos gastos en que incorresen con facturas ao seu nome.

Ademais, a aceptación da axuda implica que as persoas beneficiarias deberán presentar documentación gráfica (fotografías, capturas de pantalla etc.) que poida ser empregadas para a difusión internacional do Campus Industrial de Ferrol.

Para os efectos do cálculo da axuda final, os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e manutención serán os correspondentes aos publicados no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, e a normativa autonómica en esta materia.

3. REQUISITOS XERAIS

Poderá solicitar estas axudas o PDI adscrito ao Campus Industrial de Ferrol. Esta condición deberá terse tanto no momento de presentar a solicitude de axuda como no momento en que teña lugar a súa execución.

4. SOLICITUDE

Xunto coa solicitude (anexo I) achegarase a documentación seguinte:

a) Unha breve descrición da actividade que se vai desenvolver, en que se indicarán os resultados esperados e o interese para os ámbitos en que o Campus Industrial de Ferrol quere centrar o seu posicionamento, pola súa consideración de estratéxicos dentro da planificación actual da entidade:

- Robótica industrial
- Materiais
- Optimización de procesos industriais
- Enxeñaría naval e *offshore*
- Xestión industrial
- Desenvolvemento do produto

b) Unha carta de invitación da entidade ou institución en que se realizará a estadía ou visita. Ao rematar a mobilidade as persoas participantes entregarán unha memoria de fin de estadía (anexo II).

A solicitude de axuda realizarase enviando a documentación mencionada ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal. Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

5. SELECCIÓN

Só se financiarán as solicitudes que encaixen directamente nas liñas prioritarias do Campus Industrial de Ferrol.

6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As axudas serán concedidas, segundo os requisitos formulados nesta convocatoria, por unha comisión composta polas seguintes persoas:

- a) María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- b) Ana Isabel Ares Pernas, directora do Campus Industrial de Ferrol

- c) María Eugenia Díaz Caneiro, técnica de internacionalización do Campus Industrial de Ferrol
- d) Armando José Yáñez Casal, coordinador da Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

As resolucións publicaranse na páxina web do Campus Industrial de Ferrol, por calquera dos medios indicados nesta convocatoria, nos 20 días posteriores á recepción das solicitudes. Ademais, seranlles comunicadas ás persoas solicitantes por correo electrónico.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito dirixido ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal (anexo III).

O prazo para a aceptación ou renuncia será de cinco días, que contarán a partir da comunicación por correo electrónico. De non aceptar neste prazo, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A estadía ou visita realizarase desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria até o 30/10/2022. A persoa beneficiaria comprométese ao seguinte:

- a) Declarar a concesión de calquera axuda recibida para os mesmos efectos e o seu importe. Este importe seralle restado á contía da axuda prevista nesta convocatoria.
- b) Remitir, no prazo dun mes desde a finalización da estadía ou visita, e en calquera caso antes do 06/11/2022, a seguinte documentación:

- Certificado de fin de estadía (anexo IV).
- Breve memoria das actividades realizadas e dos resultados obtidos conforme o modelo do anexo II desta convocatoria.
- Xustificación dos gastos en execución da axuda

Achegaranse as facturas ou os documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, conforme o Regulamento de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, e a documentación que acredite o seu pagamento, de acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Os gastos deben estar relacionados directamente coa axuda recibida. As facturas figurarán a nome da persoa adxudicataria da axuda, a quen corresponde tamén acreditar o seu pagamento. Non será necesario presentar facturas ou documentos de gastos de manutención.

- Entrega de documentación gráfica acreditativa (fotos, vídeos etc.)

10. INCUMPRIMENTOS

A persoa beneficiaria comprométese a cumprir todas as normas desta convocatoria, e especialmente coas obrigas sinaladas no apartado anterior. No caso de calquera incumprimento, deberase devolver o importe da axuda.

As circunstancias de forza maior non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada sempre e cando exista a posibilidade de pospoñer a mobilidade dentro dos prazos xerais e demais normas incluídas nesta convocatoria, co acordo da institución de destino e sempre que se notifique o cambio ao Campus Industrial de Ferrol.

11. PAGAMENTO

O pagamento das axudas farase por transferencia bancaria.

O pagamento do 80 % da axuda tramitarase no momento de aceptar a concesión.

O pagamento do 20 % restante, ou da parte correspondente, tramitarase unha vez xustificada a estadia ou visita no centro de destino nos termos establecidos no apartado 9.

O cálculo total farase tendo en conta os custos reais da viaxe e o aloxamento (mediante a presentación das correspondentes facturas e billetes de autopista ou quilometraxe, de ser o caso).

12. COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con calquera outra para os mesmos efectos. Porén, no caso de recibir outra axuda para a mesma actividade, a axuda concedida nesta convocatoria limitarase ao importe resultante de restar á prevista na convocatoria a contía da outra axuda recibida polo/a solicitante.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da UDC, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto co cal achegará unha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
María Jesús Movilla Fernández

Anexo I. Solicitud de axuda para a mobilidade internacional do persoal docente e investigador do Campus Industrial de Ferrol

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome e apelidos:

.....

NIF:

.....

Posto que desempeña:

.....

Centro de traballo:

.....

Correo electrónico:

.....

Teléfono/extensión:

.....

DATOS DA MOBILIDADE:

Institución de destino:

.....

País de destino:

.....

Datas da estadía prevista:

.....

Número de días da estadía prevista:

.....

Modalidade solicitada (mobilidade entre un e tres meses ou visita):

.....

.....

BREVE DESCRICIÓN DA ACCIÓN QUE SE DESENVOLVERÁ:

Autorizo SI/ NON a publicación dos datos persoais relacionados coa tramitación desta convocatoria, conforme ao que establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lugar, data e sinatura:

Anexo II. Memoria de fin de estadía

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome e apelidos:

.....

NIF:

.....

Posto que desempeña:

.....

Centro de traballo:

.....

Institución de destino:

.....

País de destino:

.....

Datas da estadía:

.....

BREVE DESCRICIÓN DA ACCIÓN DESENVOLVIDA DURANTE A MOBILIDADE

BREVE RESUMO ECONÓMICO DA ACTIVIDADE FINANCIADA CON CARGO Á CONVOCATORIA

RESULTADOS OBTIDOS COMO CONSECUENCIA DA REALIZACIÓN DA ESTADÍA OU VISITA FINANCIADA POLA CONVOCATORIA

Lugar, data e sinatura:

Anexo III. Modelo de aceptación ou renuncia das axudas para a mobilidade internacional do persoal docente e investigador do Campus Industrial de Ferrol

Ao asinar este documento, a persoa interesada:

- a) declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da axuda que se lle concedeu;
- b) comprométese a cumprir as normas da convocatoria e desenvolver a actividade que se estimou merecedora da axuda, así como a devolver o importe percibido en caso de incumprimento.

Nome e apelidos:

.....

NIF:

.....

Posto que desempeña:

.....

Centro de traballo:

.....

Institución de destino:

.....

Modalidade solicitada (mobilidade entre un e tres meses ou visita):

.....

.....

Márquese o que proceda:

- Acepto a axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.
- Renuncio á axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.

Lugar, data e sinatura:

Anexo IV. Certificate of Attendance

Name of the host institution:

.....
.....

IT IS HEREBY CERTIFIED THAT

Mr/Ms

.....

FROM UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Has visited our institution between (day/month/year):

...../...../..... and/...../.....

For (include a brief explanation):

Place, date and signature:

Name of the signatory:

.....

Function:

.....